

MEDIDAS RESTRICTIVAS VIXENTES EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

En vigor desde o día 27 de xaneiro ata o 17 de febreiro

OBRIGAS XERAIS

Obrigatoriedade do **uso de máscara**, mantemento da **distancia interpersoal e hixiene de mans**.

- Prohibido comer, fumar e beber en movemento pola rúa.

Recoméndase ás **persoas maiores de 75 anos**, ás **persoas vulnerables** ao COVID-19 e a **aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria** que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que **eviten** na súa actividade diaria as **saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público**, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

Persoas con sintomatoloxía (febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos): deberán permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario.

GRUPOS DE PERSOAS EN ESPACIOS PÚBLICOS OU PRIVADOS

Só reunións de **persoas conviventes**. Excepcións:

- Persoas que viven soas: poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.
- Reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.
- Reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.
- Reunión para coidado, atención, asistencia ou acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.
- No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

PECHE PERIMETRAL individual do concello. Restrinxida a entrada e saída da Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcións:

- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil; así como academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación
- Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- Coidado de hortas e animais
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

LIMITACIÓN DA LIBERDADE DE CIRCULACIÓN das persoas entre as 22:00 e as 6:00 horas. Excepcións:

- Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Asistencia a centros de atención veterinaria por urxencia.
- Cumprimento de obrigacións laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- Retorno ao lugar de residencia habitual tras realizar algunhas das actividades previstas neste apartado.
- Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- Abastecemento en gasoleiras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

Recomendación de realizar unicamente ACTIVIDADES ESENCIAIS: actividades sanitarias, escolares, coidado de dependentes e compras esenciais, así como laborais recuperando ao máximo de teletraballo.

CERIMONIAS RELIXIOSAS OU CIVÍS

- VELORIOS E ENTERROS

- Velorios
 - Ao aire libre: 15 persoas (conviventes ou non)
 - Espazos pechados: 5 persoas (conviventes ou non)
- Enterros: 15 persoas (conviventes ou non)

- LUGARES DE CULTO

- Aforo máximo do 33%.
- Limitarase ao menor tempo posible a duración das celebracións.
- Prohíbese a utilización do exterior do edificio ou da vía pública para a celebración de actos de culto.
- Non se poderán realizar actuacións de coros ou agrupacións vocais de canto.
- Non se permitirá o uso de auga bendicida e as ablucións rituais deberán realizarse na casa

- CELEBRACIÓNS CON MOTIVO DE CERIMONIAS RELIXIOSAS OU CIVÍS

- Aforo: axustarase ás regras de capacidade que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.
- Ás celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia só poderán acudir persoas conviventes.

TRANSPORTES

- Vehículos de servizos colectivos de transportes de viaxeiros:
 - Vehículos con asentos: poderase ocupar a totalidade dos asentos mantendo a máxima separación dos usuarios cando o nivel de ocupación o permita.
 - Vehículos con prazas de pé: procurarase manter a máxima distancia posible. Límite dunha sexta parte das prazas de pé.
 - En traxectos de duración inferior a dúas horas non se poderán consumir alimentos nin bebidas no interior dos vehículos.
- Vehículos particulares: permitido o desprazamento con non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo. Só se permitirán dúas persoas por fila de asentos
- Taxis: non poderá usarse o asento dianteiro e non poderán desprazarse nun mesmo vehículo persoas non conviventes.

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

- **ACADEMIAS, AUTOESCOLAS E CENTROS PRIVADOS DE ENSINO NON REGRADO E CENTROS E ENTIDADES DE FORMACIÓN**
 - Aforo máximo do 50%. Priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos, sempre que sexa posible.

- **UNIVERSIDADE:** A USC reanudará as clases o día 8 de febreiro de forma telemática ata o 17 de febreiro.

- Suspéndese a actividade lectiva de:
 - Escolas Oficiais de Idiomas
 - Escolas de arte e superior de deseño
 - Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
 - Escola Superior de Arte Dramática
 - Conservatorios de música e danza
 - Escolas de música e danza
 - Centros autorizados de deportes
 - Centros autorizados de artes plásticas e deseño
 - Centros autorizados de música e danza (salvo que estean integrados en centros docentes abertos e limitando a actividade ao alumnado de ditos centros)
 - Escolas privadas de música ou danza

CULTURA

- **BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS, SALAS DE EXPOSICIÓNS, MONUMENTOS E OUTROS EQUIPAMENTOS CULTURAI**
 - Peche das instalacións.

- **CINES, TEATROS, AUDITORIOS E ESPAZOS SIMILARES, E RECINTOS AO AIRE LIBRE E OUTROS LOCAIS E ESTABLECEMENTOS DESTINADOS A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS**
 - Peche da actividade.

- **CENTROS DE LECER INFANTIL**
 - Peche das instalacións.

COMERCIO

Horario de peche

Comercio esencial: 21.30 h.

Comercio non esencial: 18.00 h.

- **ESTABLECEMENTOS E LOCAIS COMERCIAIS RETALLISTAS E DE ACTIVIDADES DE SERVIZOS PROFESIONAIS ABERTOS AO PÚBLICO QUE NON FORMEN PARTE DE CENTROS OU PARQUES COMERCIAIS**
 - Aforo máximo do 50%.
 - Servizo de atención preferente a maiores de 65 anos.

- **ESTABLECEMENTOS QUE TEÑEN A CONDICIÓN DE CENTROS E PARQUES COMERCIAIS OU QUE FORMEN PARTE DELES**
 - Aforo máximo do 30%.
 - Peche de actividade os sábados, domingos e festivos.
 - Atención preferente a maiores de 75 anos.
 - Prohibida a presenza de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos. Nestas zonas a capacidade queda limitada ao 30%.
 - Prohibida a utilización das zonas recreativas (zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso), que deberán permanecer pechadas.

- **MERCADOS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA VÍA PÚBLICA**
 - Non poderán superar o 50% dos postos habituais ou autorizados. Priorizarase aos comerciantes que comercialicen produtos alimentarios e de primeira necesidade.

TURISMO, HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- **ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN**
 - Peche dos establecementos, agás para servizos de entrega a domicilio, ata as 21.30 h., ou recollida, ata as 24.00 h.

- **HOTEIS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS**
 - Só para clientes que se teñan desprazado por motivos xustificadas segundo a normativa vixente.
 - Zonas comúns: aforo máximo do 50%.
 - Servizo de hostalaría e restauración só para os clientes aloxados.
 - Peche de instalacións deportivas.

- **ALBERGUES TURÍSTICOS**
 - Peche das instalacións.

- **CENTROS E PUNTOS DE INFORMACIÓN E CASETAS**
 - Peche das instalacións.

ACTOS E REUNIÓNS LABORAIS, INSTITUCIONAIS, ACADÉMICOS E PROFESIONAIS

- Realizaranse de forma telemática sempre que sexa posible.
- Aforo máximo do 30%
 - Ao aire libre: 75 persoas
 - Espazos pechados: 30 persoas
 - Poderase ampliar este límite logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde pública

DEPORTE E ACTIVIDADE CINEXÉTICA

- ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Actividade física e deportiva non federada: práctica individual ou con persoas conviventes. Será obrigatorio o uso de máscara.
- Peche de ximnacios, pavillóns e recintos deportivos, e piscinas
 - Poderán permanecer abertas as instalacións deportivas en que se celebren adestramentos ou competicións de ámbito estatal. Os vestiarios e zonas de ducha terán un aforo do 30%.

- EVENTOS DEPORTIVOS, ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

- Nivel autonómico: Suspendidas as competicións. Os adestramentos quedarán sometidos ás mesmas limitacións ca o resto da actividade física e deportiva. (práctica individual ou con conviventes e uso obrigatorio de máscara).
- Nivel nacional: competicións e adestramentos de acordo co establecido pola administración competente e os protocolos federativos correspondentes.
- Queda prohibida a presenza de público nas competicións e adestramentos.

- ACTIVIDADE CINEXÉTICA

- Práctica individual ou con persoas conviventes, sometida ás restricións perimétrais vixentes.
- Actividade cinexética do xabaril e do lobo: quedan exceptuadas das limitacións perimétrais e poderase realizar con non conviventes sempre que se trate dos seguintes supostos:
 - Accións de caza de acordo coa planificación aprobada nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor e accións autorizadas en terreos de réxime cinexético común.
 - Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandaría, logo da súa comprobación pola xefatura territorial da consellería competente.
 - Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto.
 -

- **PESCA FLUVIAL E MARÍTIMA, DEPORTIVA E RECREATIVA**
 - Práctica individual ou con persoas conviventes, sometida ás restricións perimetrais vixentes.

OCIO

- **CENTROS CÍVICOS E SOCIAIS**
 - Peche das instalacións.
- **PARQUES E ZONAS DEPORTIVAS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE** (parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares)
 - Capacidade máxima de 1 persoa / 4 m².
- **ESTABLECEMENTOS E LOCAIS DE XOGO E APOSTAS**
 - Peche dos establecementos.
- **ACTIVIDADES DE FESTAS, VERBENAS, OUTROS EVENTOS POPULARES E ATRACCIÓNS DE FEIRAS**
 - Peche de actividades.